

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### CONSELLERÍA DO MAR

*Corrección de erros.-Decreto 15/2011, do 28 de xaneiro, polo que se regulan as artes, aparellos, útiles, equipamentos e técnicas permitidos para a extracción profesional dos recursos mariños vivos en augas de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia.*

Advertidos erros no Decreto 15/2011, do 28 de xaneiro, polo que se regulan as artes, aparellos, útiles, equipamentos e técnicas permitidos para a extracción profesional dos recursos mariños vivos en augas de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia publicado no *Diario Oficial de Galicia* do 15 de febreiro de 2011 (número 31) fanse as oportunas correccións:

Na páxina 2.542, marxe dereita, 3º parágrafo, liña 8, onde di: «Lei 11/2008, do 11 de decembro», debe dicir: «Lei 11/2008, do 3 de decembro».

Na páxina 2.543, marxe esquerda, 2º parágrafo, liña 8, onde di: «en determinados bancos marisqueiros», debe dicir: «en determinadas pesqueiras».

Na páxina 2.543, marxe dereita, 3º parágrafo, liña 1, onde di: «Lei 11/2008, do 11 de decembro», debe dicir «Lei 11/2008, do 3 de decembro».

Na páxina 2.544, marxe dereita, artigo 6º, punto 2, liña 3, onde di: «tonelaxe», debe dicir: «toneladas».

Na páxina 2.545, marxe esquerda, artigo 8º, punto 1, letra c), liña 1, onde di: «no punto anterior», debe dicir: «nas letras a) e b)».

Na páxina 2.545, marxe esquerda, artigo 8º, punto 2, letra b), liña 4, onde di: «durante todos os días do ano, incluídos os sábados, logo de comunicación por parte das entidades á consellería competente en materia de pesca marítima», debe dicir: «durante todos os días laborais do ano, logo de comunicación por parte das entidades á consellería competente en materia de pesca marítima e marisqueo, que deberá autorizalo».

Na páxina 2.545, marxe esquerda, artigo 8º, punto 3, onde di: «Tanto na actividade profesional pesqueira como marisqueira deberá terse en conta que:», debe dicir: «Tanto na actividade profesional pesqueira como marisqueira, excepto para o marisqueo a pé, deberá terse en conta que:».

Na páxina 2.545, marxe dereita, artigo 11º, punto 1, liña 3, onde di: «cor vermella, laranxa ou amarela», debe dicir: «cor laranxa ou amarela».

Na páxina 2.545, marxe dereita, artigo 11º, punto 2, letra f), onde di: «(V): vetas», debe dicir: «(B): vetas».

Na páxina 2.546, marxe esquerda, artigo 11º, punto 3, liña 4, onde di: «da forma indicada no artigo anterior», debe dicir: «da forma indicada nos puntos anteriores».

Na páxina 2.547, marxe esquerda, artigo 21º, punto 2, onde di: «As embarcacións despachadas para palangre de fondo poderán levar a bordo exclusivamente aparellos de palangre de fondo, podendo conservar a bordo unicamente especies de fondo ou demersais», debe dicir: «As embarcacións despachadas para palangre de fondo poderán levar a bordo exclusivamente aparellos de palangre de fondo».

Na páxina 2.548, marxe dereita, artigo 39º, liña 3, onde di: «calamento», debe dicir: «calado».

Na páxina 2.549, marxe esquerda, artigo 46º, apartados 1 e 2, onde di: «pesquen», debe dicir: «pescar».

Na páxina 2.552, marxe esquerda, artigo 79º, liña 1, onde di: «fixas de fondo», debe dicir: «fixas ao fondo».

Na páxina 2.556, marxe esquerda, artigo 129º, punto 1, liña 3, onde di: «no artigo 84º.5», debe dicir: «no artigo 83º».

Na páxina 2.556, marxe esquerda, artigo 132º, punto 2, liña 3, onde di: «despois», debe dicir: «antes».

Na páxina 2.556, marxe esquerda, artigo 133º, punto 2, liña 2, onde di: «a terra», debe dicir: «a porto».

Na páxina 2.556, marxe dereita, artigo 134º, letra d), liña 2, onde di: «mínimo», debe dicir: «máximo».

Na páxina 2.556, marxe dereita, artigo 137º, punto 3, liña 2, onde di: «a terra», debe dicir: «a porto».

Na páxina 2.556, marxe dereita, artigo 138º, letra d), liña 2, onde di: «mínimo», debe dicir: «máximo».

Na páxina 2.557, marxe esquerda, artigo 140º, liña 4, onde di: «consellería competente en materia de pesca marítima.», debe dicir: «consellería competente en materia de pesca marítima e marisqueo.».

Na páxina 2.557, marxe esquerda, artigo 142º, letra e), liña 2, onde di: «será de 50 milímetros de lado do cuadrado», debe dicir: «será de 50 milímetros».

## III. OUTRAS DISPOSICIÓN

### CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA

*Resolución do 25 de febreiro de 2011, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se aproban as bases reguladoras e se convocan estadías de tempo libre para mulleres soas con responsabilidades familiares non compartidas.*

O artigo 1º.1 da Constitución española establece a igualdade como un valor superior do ordenamento xurídico. O artigo 9º.2 formula o mandato expreso aos poderes públicos para que a fagan efectiva e

prohibe no artigo 14º expresamente calquera discriminación por razón de sexo.

O Estatuto de autonomía de Galicia establece no seu artigo 4º que corresponde aos poderes públicos de Galicia promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivas e remover os atrancos que impidan ou dificulten a súa plenitude.

O Decreto 82/2009, do 21 de abril, polo que se establecen os centros directivos dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, configura a Secretaría Xeral da Igualdade como órgano superior da Administración da comunidade autónoma.

Segundo o Decreto 325/2009, do 18 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica dos órganos superiores dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, modificado polo Decreto 215/2010, do 16 de decembro, a Secretaría Xeral da Igualdade é o órgano ao que lle corresponde, entre outras funcións, impulsar as actuacións conducentes á promoción da igualdade e á eliminación da violencia de xénero nos termos establecidos na Constitución, no Estatuto de autonomía de Galicia, na Lei 7/2004, do 16 de xullo, para a igualdade de mulleres e homes, na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, e na demais lexislación aplicable na materia.

A Secretaría Xeral da Igualdade, segundo os acordos de actuación co Instituto da Muller do Ministerio de Sanidade, Política Social e Igualdade, executará directamente, con fondos finalistas do Estado, o Programa de estadías de tempo libre para mulleres soas con responsabilidades familiares non compartidas.

Por todo o exposto, e no exercicio das facultades que teño atribuídas,

#### DISPOÑO:

Artigo 1º.-*Obxecto, réxime e convocatoria.*

1. Esta resolución ten por obxecto establecer as bases reguladoras que se inclúen como anexo, que rexerán a concesión en réxime de concorrencia competitiva de estadías de tempo libre para mulleres soas con responsabilidades familiares non compartidas.

2. Así mesmo, por medio desta resolución convócanse as devanditas estadías para o ano 2011.

Artigo 2º.-*Prazas.*

Convócanse ata un máximo de 95 prazas para mulleres con fillas e/ou fillos ao seu cargo, residentes na Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 3º.-*Duración.*

As estadías terán unha duración de entre sete e dez días, en réxime de pensión completa, preferentemente entre finais do mes de xuño e principios do mes de xullo.

Artigo 4º.-*Condicións económicas.*

Os gastos de aloxamento, manutención, monitoras e transporte desde o seu concello de orixe serán gratuitos para as persoas beneficiarias, e serán por conta da Secretaría Xeral da Igualdade.

Artigo 5º.-*Prazo de presentación das solicitudes.*

1. O prazo para a presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da súa publicación. Se o último día de prazo fose inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes de vencemento non houberse día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o derradeiro día do mes.

#### Disposición derradeira

Único.-Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 25 de febreiro de 2011.

Marta González Vázquez  
Secretaria xeral da Igualdade

#### ANEXO

**Bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de estadías de tempo libre para mulleres soas con responsabilidades familiares non compartidas**

Artigo 1º.-*Obxecto e finalidade.*

1. O obxecto destas bases é regular o procedemento de concesión, en réxime de concorrencia competitiva, para a participación no Programa de estadías de tempo libre para mulleres soas con responsabilidades familiares non compartidas.

2. A súa finalidade é facilitarlles ás mulleres que teñan fillas ou fillos menores exclusivamente ao seu cargo un espazo e un tempo desligado da súa situación habitual e no cal poidan intercambiar experiencias a través da convivencia nun espazo de lecer.

Artigo 2º.-*Requisitos.*

1. Poderán solicitar as prazas obxecto desta convocatoria as mulleres que reúnan os seguintes requisitos:

a) Ter fillas e/ou fillos exclusivamente ao seu cargo con idades comprendidas entre os 2 e os 12 anos.

b) Estar domiciliadas na Comunidade Autónoma de Galicia, e no caso de mulleres estranxeiras, ter permiso de residencia ou tarxeta de réxime comunitario, segundo o caso.

c) Dispoñer dunha renda que, tendo en conta todos os ingresos do conxunto da unidade familiar, dividida polo número de membros que a compoñen, non supere o salario mínimo interprofesional (SMI).

d) Non padecer ela, nin as fillas e/ou os fillos que a acompañen unha enfermidade que requira illamento e/ou que impida a normal convivencia.

2. Para asistir ao programa, as mulleres beneficiarias irán acompañadas das súas fillas/fillos menores, sempre que estas/es teñan idades comprendidas entre os dous e os doce anos, ambos inclusive.

#### Artigo 3º.-*Criterios de valoración.*

1. Para a adxudicación das prazas aplicaranse os seguintes criterios de valoración:

1.1. Número de fillas/os a cargo exclusivo da muller:

- a) 4 ou máis fillas/os: 3 puntos.
- b) 2 ou 3 fillas/os: 2 puntos.
- c) 1 filla/o: 1 punto.

Teranse en conta exclusivamente as fillas e fillos menores de idade non emancipados que convivan con ela.

1.2. Situación de discapacidade:

a) Situación de discapacidade da solicitante, igual ou superior ao 33%: 3 puntos.

b) Situación de discapacidade das fillas/fillos da solicitante, igual ou superior ao 33%: 3 puntos por cada filla ou fillo.

1.3. Contía dos ingresos mensuais (renda do conxunto da unidade familiar dividida polo número de membros que a compoñen).

- a) Renda inferior ou igual ao 60% do SMI: 4 puntos.
- b) Renda superior ao 60% e inferior ou igual ao 80% do SMI: 3 puntos.
- c) Renda superior ao 80% e inferior ou igual ao 90% do SMI: 2 puntos.
- d) Renda superior ao 90% do SMI e inferior ou igual ao SMI: 1 punto.

1.4. Mulleres que estean residindo nun centro de acollida: 4 puntos.

1.5. Mulleres que acrediten ser ou ter sido vítimas de violencia de xénero nos últimos 3 anos: 4 puntos.

1.6. Mulleres que acrediten estar en situación de desemprego: 2 puntos.

1.7. Mulleres que non gozasen deste programa ou doutros similares: 4 puntos.

2. Só se valorarán os criterios que fosen suficientemente acreditados nos termos previstos no artigo 4º.

3. No caso de que se produza empate na puntuación, atenderase, para dirimilo, á orde de criterios establecida neste artigo. Se aínda así persistise o empate, resolverase atendendo á orde de presentación de solicitudes e, posteriormente, á orde alfabética comezando polo primeiro apelido.

#### Artigo 4º.-*Solicitudes e documentación.*

1. As solicitudes, xunto coa documentación, dirixiranse á Secretaría Xeral da Igualdade e presentaranse a través dalgunha das formas previstas no artigo 38º.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. No caso de non presentarse no rexistro da Secretaría Xeral da Igualdade, deberá enviarse unha copia da solicitude por fax ao número 981 54 19 19 antes da data de remate do prazo de presentación de solicitudes.

2. A solicitude presentarase segundo o modelo do anexo I desta resolución, asinada pola solicitante, xunto coa seguinte documentación:

a) Copia cotexada do libro de familia, informe social, sentenza xudicial de custodia ou calquera outro documento acreditativo das fillas e/ou fillos a cargo.

b) No caso de solicitantes estranxeiras, copia cotexada da tarxeta de residencia ou da tarxeta de réxime comunitario, segundo o caso.

c) No caso de discapacidade da solicitante ou das súas fillas/fillos, copia cotexada do certificado expedido polas unidades correspondentes dos departamentos territoriais de Traballo e Benestar.

d) Copia cotexada da declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas correspondente ao último ano de presentación en relación coa data da convocatoria. No caso de non a ter realizado, por non ter a obriga de presentala, así como no suposto de que as circunstancias sexan distintas no momento da solicitude, declaración responsable da situación económica da interesada, segundo o modelo que figura como anexo II, xunto coa documentación que a xustifique (nómina, recibo de calquera tipo de subsidio, informe social, tarxeta de demanda de emprego, ...).

e) De ser o caso, informe do centro de acollida que acredite que a solicitante está a residir nel.

f) A situación de violencia de xénero, de ser o caso, acreditarase mediante algún dos seguintes documentos:

-Certificación da orde de protección ou da medida cautelar, testemuño ou copia autenticada pola/o

secretaria/o xudicial da propia orde de protección ou da medida cautelar.

-Sentenza de calquera orde xurisdiccional, que declare que a muller sufriu violencia de xénero.

-Certificación e/ou informe dos servizos sociais e/ou sanitarios da Administración pública autonómica ou local.

-Certificación dos servizos de acollida da Administración pública autonómica ou local.

-Informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de violencia.

-Informe da Inspección de Traballo e da Seguridade Social.

g) Para xustificar a situación de desemprego: copia cotexada da tarxeta de demandante de emprego.

h) Declaración responsable do desfrute do programa, segundo o anexo III.

i) Informe médico orixinal do Servizo Galego de Saúde, referido tanto ás mulleres como as súas fillas e/ou fillos menores que a vaian acompañar, en que conste que non padecen ningunha enfermidade que requira illamento e/ou impida a normal convivencia.

j) De ser o caso, calquera outra documentación (orixinal ou copia cotexada) acreditativa do cumprimento dos requisitos e que permita aplicar os criterios de valoración establecidos: (informes e certificacións dos servizos sociais municipais, centros de información ás mulleres, responsables dos centros de acollida, servizo público de emprego, ...).

3. A presentación da solicitude implica o coñecemento e a aceptación destas bases reguladoras e, así mesmo, comporta a autorización para completar o expediente administrativo dirixíndose aos órganos públicos ou privados competentes, ben sexa a través de acceso directo a bases de datos por medios telemáticos ou a través de solicitude por oficio ordinario, para a consulta dos seus datos de identidade e residencia nos sistemas de verificación de datos de identidade e residencia do Ministerio da Presidencia, así como para a comprobación das rendas da solicitante e, en xeral, para completar o expediente administrativo.

#### Artigo 5º.-Instrución.

1. A instrución do procedemento correspóndelle á Subdirección Xeral para o Tratamento da Violencia de Xénero.

2. O órgano instrutor realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos en virtude dos cales se debe formular a proposta de resolución.

3. No suposto de que a solicitude non cumpra os requisitos sinalados na convocatoria ou a documen-

tación remitida conteña erros ou sexa insuficiente, requiriranse as persoas interesadas para que, no prazo de 10 días, remitan os documentos preceptivos ou emenden os erros detectados, con indicación de que, se así non o fixesen, se considerará que desisten da súa petición, de conformidade co previsto no artigo 71º da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

4. Unha vez revisadas as solicitudes remitiranse á comisión de valoración. A composición da comisión de valoración será a seguinte:

Presidenta: a subdirectora xeral para o Tratamento da Violencia de Xénero ou a persoa en quen delegue.

Vogais: a traballadora social da Secretaría Xeral da Igualdade, e a xefa do Servizo de Prevención e Atención ás Vítimas.

Secretaria: unha/un funcionaria/o da Secretaría Xeral da Igualdade.

Se por calquera causa algunha das persoas componentes da comisión de valoración non puidese asistir cando esta se reúna para o exame das solicitudes, será substituída pola/o funcionaria/o designada/o para o efecto pola súa presidenta.

2. Unha vez valoradas as solicitudes conforme o baremo establecido no artigo 3º, o órgano instrutor elevará o informe do resultado da avaliación efectuado pola comisión de valoración, xunto coa correspondente proposta de resolución á secretaria xeral da Igualdade, na cal se incluírá a relación das persoas seleccionadas e suplentes por orde decendente de puntuación.

#### Artigo 6º.-Resolución.

1. O órgano competente para a resolución do procedemento será a secretaria xeral da Igualdade, quen, á vista da proposta remitida polo órgano instrutor, ditará a resolución.

2. A citada resolución porá fin á vía administrativa e contra ela poderá interpor potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación ou recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa comunicación.

3. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución será de tres meses contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*. Transcorrido o dito prazo sen que se ditase resolución expresa, esta entenderase desestimada.

#### Artigo 7º.-*Modificación da resolución.*

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta axuda poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.

#### Artigo 8º.-*Renuncia das beneficiarias.*

1. A renuncia á praza ou prazas adxudicadas, por parte das beneficiarias titulares, deberá ser comunicada por escrito á Secretaría Xeral da Igualdade, polo menos sete días antes do comezo das estadías.

2. A praza ou prazas vacantes resultantes das renunciacións que se produzan poderán ser ocupadas polas seguintes beneficiarias do listado de suplentes, que deberán aceptar ou rexeitar a concesión, tendo en conta que, se estas beneficiarias tivesen máis fillas ou fillos que a titular da praza, só poderán participar no programa ocupando as prazas que queden dispoñibles.

No caso de que unha suplente con máis fillas ou fillos a cargo que a titular que renunciou aceptase as prazas vacantes, o resto de fillas/os quedarán en espera de posibles vacantes con prioridade a outras mulleres suplentes.

3. A non comunicación da renuncia así como a súa comunicación fóra do prazo establecido no punto 1 deste artigo implicará a exclusión automática da participación na convocatoria do ano seguinte.

#### Artigo 9º.-*Obrigas das persoas beneficiarias.*

As mulleres beneficiarias, ademais das obrigas previstas no artigo 14º da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 11º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, deberán:

-Realizar a actividade para a que solicitou a axuda e que lle foi concedida, segundo o previsto no artigo 1º destas bases reguladoras.

-Aceptar as normas de convivencia e as recomendacións que sexan realizadas desde a Secretaría Xeral da Igualdade e polas/os profesionais que exerzan funcións de coordinación e acompañamento durante o desenvolvemento das estadías.

-Comunicarlle á Secretaría Xeral da Igualdade a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade.

#### Artigo 10º.-*Reintegro.*

Procederá a devolución íntegra dos importes que resulten de considerar os custos dos servizos percibidos cando se obtivese a axuda sen reunir os requisitos exixidos para a súa concesión, ou falseando ou ocultando os feitos ou datos que impedisen a súa concesión.

#### Artigo 11º.-*Incompatibilidades.*

1. As axudas reguladas nesta resolución son incompatibles coa percepción de calquera outra axuda establecida tanto polas administracións públicas ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades, como por calquera entidade privada, destinada ao mesmo fin.

2. No suposto de que a beneficiaria obtivese subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, para o mesmo obxecto, a Secretaría Xeral da Igualdade iniciará o correspondente procedemento sancionador e de reintegro.

#### Artigo 12º.-*Responsabilidades e réxime sancionador.*

1. As persoas que obteñan a axuda quedan sometidas ás responsabilidades e réxime sancionador que sobre infraccións administrativas en materia de subvencións establece o título IV da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e o título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. No suposto de grave incumprimento das obrigas, a/o profesional que exerza funcións de coordinación, logo de autorización da Secretaría Xeral da Igualdade ordenará o abandono da estadía á beneficiaria incumplidora xunto coas fillas e fillos a cargo e implicará ademais a exclusión automática da participación da beneficiaria na convocatoria do ano seguinte.

#### Artigo 13º.-*Publicidade.*

A concesión destas axudas non será obxecto de publicidade, en aplicación do disposto no artigo 18º.3 d) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, no artigo 15º.2 d) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 13º.6 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración galega.

A Secretaría Xeral da Igualdade velará polos datos de carácter persoal que sexan obxecto de tratamento e adoptará as medidas necesarias para cumprir co disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

#### Artigo 14º.-*Normativa aplicable.*

En todo o non previsto nesta resolución aplicarase o disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei xeral de subvencións, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento, e demais normativa de aplicación.

#### *Disposición adicional*

Estas bases reguladoras terán unha vixencia indefinida.



ANEXO I



EXPEDIENTE

PROCEDEMENTO <b>PROGRAMA DE ESTADÍAS DE TEMPO LIBRE PARA MULLERES SOAS                  CON RESPONSABILIDADES FAMILIARES NON COMPARTIDAS</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>SI447A</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
---	---	--------------------------------

DATOS DA SOLICITANTE

APELIDOS		NOME		DNI/NIE	
[ ]		[ ]		[ ]	
IDADE	NACIONALIDADE	ENDEREZO			
[ ]	[ ]	[ ]			
PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL		
[ ]	[ ]	[ ]	[ ]		
TELÉFONOS DE CONTACTO					
[ ]		[ ]			

A solicitante DECLARA:

- Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se xuntan son certos, que non se omiten datos, que coñece as posibles responsabilidades existentes nos supostos de ocultación, falseamento de datos ou de calquera outra actuación fraudulenta.
- Que autoriza a Secretaría Xeral da Igualdade para solicitar a información adicional que considere necesaria para a adecuada estimación dos ingresos ou recursos económicos da unidade de convivencia independente e, en xeral, para completar o expediente administrativo dirixíndose aos órganos públicos ou privados competentes.
- Que autoriza a Secretaría Xeral da Igualdade, de conformidade cos artigos 2º e 3º do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 7 de xullo de 2009 que o desenvolve, para a consulta dos seus datos de identidade e residencia nos sistemas de verificación de datos de identidade e residencia do Ministerio da Presidencia.

RELACIÓN DE FILLAS E FILLOS A CARGO DA SOLICITANTE (DE 2 A 12 ANOS) QUE A ACOMPAÑARÁN NA ESTADÍA

NOME	APELIDOS	SEXO	DATA DE NACEMENTO
[ ]	[ ]	[ ]	[ ]
[ ]	[ ]	[ ]	[ ]
[ ]	[ ]	[ ]	[ ]
[ ]	[ ]	[ ]	[ ]
[ ]	[ ]	[ ]	[ ]

CENTRO DE REFERENCIA PARA A XESTIÓN DA SÚA SOLICITUDE (CIM, SERVIZOS SOCIAIS, CENTRO DE ACOLLIDA, ETC)

NOME DO CENTRO	TELÉFONO DO CENTRO
[ ]	[ ]

En cumprimento do disposto no artigo 5º da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmoa de que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro, para o seu tratamento, para a xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, mediante un escrito dirixido á Secretaría Xeral da Igualdade, como responsable do ficheiro.

DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA (SINALAR A QUE CORRESPONDA)

- COPIA COTEXADA DA DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DAS FILLAS E/OU FILLOS A CARGO.
- COPIA COTEXADA DA TARXETA DE RESIDENCIA OU DA TARXETA DE RÉXIME COMUNITARIO, SE É O CASO.
- COPIA COTEXADA DA ACREDITACIÓN DA DISCAPACIDADE DA SOLICITANTE E/OU DAS SÚAS FILLAS/OS, SE É O CASO.
- DECLARACIÓN DO IRPF DO ANO ANTERIOR Á CONVOCATORIA OU DECLARACIÓN RESPONSABLE DA SITUACIÓN ECONÓMICA (anexo II) ACOMPAÑADA DOS DOCUMENTOS XUSTIFICATIVOS.
- INFORME DO CENTRO DE ACOLLIDA, SE É O CASO.
- ACREDITACION DA SITUACIÓN DE VIOLENCIA DE XÉNERO, SE É O CASO.
- TARXETA DE DEMANDANTE DE EMPREGO, SE É O CASO.
- DECLARACIÓN RESPONSABLE (anexo III).
- INFORMES MÉDICOS DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE (referidos á solicitante e ás súas fillas e/ou fillos menores que a vaian acompañar).
- OUTROS: [ ]

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Resolución do 25 de febreiro de 2011, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se aproban as bases reguladoras e se convocan estadias de tempo libre para mulleres soas con responsabilidades familiares non compartidas.</i>
SINATURA DA SOLICITANTE  Lugar e data _____, de _____ de _____

(Para cubrir pola Administración)		NÚMERO DE EXPEDIENTE
RECIBIDO	REVISADO E CONFORME	[ ]
[ ]	[ ]	DATA DE ENTRADA
[ ]	[ ]	____/____/____
[ ]	[ ]	DATA DE EFECTOS
[ ]	[ ]	____/____/____
[ ]	[ ]	DATA DE SAÍDA
[ ]	[ ]	____/____/____

## ANEXO II

## DECLARACIÓN RESPONSABLE DE INGRESOS

Dona  con DNI/NIE

**DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE OS SEGUINTE BENS, DEREITOS E/OU RENDEMENTOS:**

1) RENDEMENTOS DO TRABALLO <sup>(1)</sup> DA SOLICITANTE OU DO CONXUNTO DA UNIDADE FAMILIAR, SEGUNDO O CASO.

PERCEPTOR/A (indicar os/as que proceda)	CONTÍA MENSUAL
<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>

(1) Se non houberse, indicar "NINGÚN"

2) RENDEMENTOS DO CAPITAL MOBILIARIO E INMOBILIARIO <sup>(1)</sup> DA SOLICITANTE OU DO CONXUNTO DA UNIDADE FAMILIAR, SEGUNDO O CASO. (INCLUÍNDO OS INCREMENTOS DO PATRIMONIO. EXCEPTÚASE A VIVENDA HABITUAL).

TITULAR (indicar os/as que procedan)	CONCEPTO	CONTÍA
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

(1) Se non houberse, indicar "NINGÚN"

3) RENDEMENTOS DAS ACTIVIDADES ECONÓMICAS <sup>(1)</sup> DA SOLICITANTE OU DO CONXUNTO DA UNIDADE FAMILIAR, SEGUNDO O CASO.

CONCEPTO	CONTÍA
<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>

(1) Se non houberse, indicar "NINGÚN"

4) INGRESOS DE NATUREZA PRESTACIONAL <sup>(1)</sup> DA SOLICITANTE OU DO CONXUNTO DA UNIDADE FAMILIAR, SEGUNDO O CASO (AGÁS AS ASIGNACIÓNS ECONÓMICAS DA SEGURIDADE SOCIAL POR FILLA/O OU MENOR ACOLLIDA/O AO CARGO).

CONCEPTO	CONTÍA
<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>

(1) Se non houberse, indicar "NINGÚN"

Lugar e data

, de de

\_\_\_\_\_  
Sinatura

## ANEXO III

## DECLARACIÓN RESPONSABLE

Dona	<input type="text"/>	con DNI/NIE	<input type="text"/>
DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE (sinalar cun X o que proceda)			
<input type="checkbox"/>	Que nunca desfrutei do programa de estadias de tempo libre para mulleres soas con responsabilidades familiares non compartidas nin doutro de características similares.		
<input type="checkbox"/>	Que desfrute do programa de estadias de tempo libre para mulleres soas con responsabilidades familiares non compartidas ou doutro de características similares, no ano <input type="text"/> .		
<i>Lugar e data</i>			
_____, de _____ de _____			
Sinatura			

Secretaría Xeral da Igualdade

Edificio administrativo San Lázaro, s/n. 15781 Santiago de Compostela

## CONSELLERÍA DE SANIDADE

*Resolución do 20 de xaneiro de 2011, da Secretaría Xeral da Consellería de Sanidade, pola que se dá publicidade aos convenios de colaboración subscritos por esta consellería e polo Servizo Galego de Saúde, de conformidade co establecido na Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega.*

O artigo 11º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega (DOG nº 136, do 14 de xuño),

impón a cada consellería da Xunta de Galicia a obriga de publicar no *Diario Oficial de Galicia* unha relación dos convenios de colaboración subscritos no cuadrimestre anterior.

En consecuencia, e para cumprir esa obriga, por medio desta resolución dáse publicidade á relación dos convenios subscritos pola Consellería de Sanidade e polo Servizo Galego de Saúde nos meses de setembro, outubro, novembro e decembro de 2010, que se incorpora como anexo a esta resolución.

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2011.

Sagrario Pérez Castellanos  
Secretaría xeral da Consellería de Sanidade

## ANEXO

Convenio	Importe (€)	Data sinatura
Acordo de prórroga para o ano 2011 do convenio asinado o 12 de xullo de 2002 entre o Servizo Galego de Saúde e a Federación Galega de Irmandades de Doadores de Sangu	63.674,00	15-12-2010
Convenio de colaboración co Consello da Xuventude de Galicia de Santiago de Compostela para o desenvolvemento de programas de prevención de drogodependencias	33.250,00	4-10-2010
Convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Universidade de Santiago de Compostela sobre a realización de programas de atención odontolóxica nos módulos asistenciais I, II e III para o ano 2010	122.000,00	27-8-2010
Convenio de colaboración entre a Comunidade Autónoma de Galicia e o Ministerio de Traballo e Inmigración (INSS) polo que se acorda executar no ano 2010 un programa específico que desenvolve determinadas estratexias de xestión de mellora da prestación de incapacidade temporal e estuda o comportamento dos procesos de curta duración	Sen achega económica	2-6-2010
Convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a <i>Fundación Josep Carreras</i> para a loita contra a leucemia	110.000,00	8-9-2010